


PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 1 de xuño de 2011, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de Vila Melania – Vilaboa, Culleredo).

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Antón Lopo, autor.



*A PALABRA EXACTA. BIOGRAFÍA
DE LOIS PEREIRO,
DE ANTÓN LOPO*

Presentación

Acollemos na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” un acto sobre a figura do poeta Lois Pereiro, ao que se lle dedica o *Día das Letras Galegas*, enmarcado na programación da Primavera da Biblioteca.

E facémolo coa presentación do libro *A palabra exacta. Biografía de Lois Pereiro*, da autoría de Antón Lopo e publicado pola Editorial Galaxia, que nos permitirá reconstruír a traxectoria vital do poeta monfortino.

Agardámosvos.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Antón Rodríguez López, coñecido como Antón Lopo, naceu en Monforte de Lemos o 17 de xaneiro de 1961. Traballou como ferroviario e actor de dobraxe. Desenvolveuse como xornalista de cultura no xornal *O Correo Galego* (actualmente *Galicia Hoxe*), onde coordina “Maré”, a sección cultural do xornal, e o suplemento “Revista das Letras”.

Baixo distintos nomes e en diferentes colectivos, desenvolveu un traballo que abrangue a música, a plástica ou o teatro. É cofundador do Laboratorio de Indagacións Poéticas e autor do poemario oral *Prestidixitador* (2001), concibido como unha experiencia singular onde o propio poeta é o único soporte da obra.

Desenvolveu varios ciclos como activista e performer, entre eles “O lugar”, no que mediu Compostela co seu corpo e co Festiclown percorreu Chiapas nunha montaxe de apoio ás bases zapatistas. Tamén o creador do espectáculo de teatro “Lob@s”,

con banda sonora, gravada en 1999. O espectáculo inaugurouse na “Sala Galán” de Compostela no 2000, continuando posteriormente a súa andaina na sala “La Cuarta Pared” de Madrid e outros lugares.

Libros publicados:

Poesía: *Sucios e desexados* (1987), *Manual de masoquistas* (1990), *Á sombra dos rapaces mexando* (1995), *Libro dos amados* (1996), *OM* (1996), *Pronomes* (1999) e *Fálame* (2004, Premio Esquíu de Poesía 2003).

Narrativa: *As reliquias* (1991, Premio Café de Catro a Catro), *O riso de Isobel Hill* (2000), *Ganga*, (2001). *Unha terraza en propiedade*. Narrativa, *Obediencia* (2010, Premio de Novela García Barros 2010).



Ensaio: *Fermín Bouza Brey. Unha Fotobiografía* (1992), *Guía de Santiago de Compostela* (1993), *Mishima, que existiu nunca* (1995), *As tres mortes de Lorenzo Varela* (2005), *A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra* (2010).

Teatro: *Os homes só contan ata tres*, (2005, Premio Álvaro Cunqueiro 2004).

Traducións: *A balada do cárcere de Reading*, de Oscar Wilde, con Amalia Salvador.